

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 30/11/2018 14:35:03

**SAIDA**

**15338/18**

Valedor

Sr. conselleiro de Sanidade  
Edificio Administrativo San Lázaro  
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Expediente: G.6.Q/19372/18**

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018


Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no diario *La Voz de Galicia* o 27 de novembro en relación cos problemas de accesibilidade das persoas con discapacidade no Hospital de Verín.

Na noticia sinálase que os integrantes da asociación de discapacitados de Verín, Adisve, se concentraron no hospital de Verín para urxir á xerencia do CHUO melloras na accesibilidade e nas dotacións do centro para persoas con diferentes capacidades. O xerente do complexo comprometeuse a estudar as reivindicacións deste colectivo, que critica as barreiras arquitectónicas nos accesos.

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. En concreto solicitamos dese órgano que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre a comprobación do sinalado; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

  
Milagros Mª Otero Parga  
Valedora do Pobo